

## ANUNCIO

En data 19/02/2020 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES V CONCURSO DE RECEITAS CON QUEIXO  
**EXPEDIENTE:** 33/2020

### ANTECEDENTES:

Estando previsto o V Concurso de Receitas con queixo, que terá lugar o 15/03/2020 co motivo da celebración da V Feira do Queixo

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1º.- Aprobar as bases que rexerán o mesmo e que se inclúen como anexo
- 2º.- Destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal)

### ANEXO



#### Bases do V Concurso de receitas con queixo

1. Haberán **dúas categorías**: pratos salgados e pratos doces.
2. Poderán participar todas as persoas afeccionadas á cociña que o desexen, sexan residentes ou non no Concello de Moeche. Todos os pratos presentados terán como ingrediente principal o "queixo", en calquera modalidade (fresco, cremoso, semicurado, curado, etc. Non se considerará como modalidade o requeixo).
3. Non poderán optar a concurso as receitas publicadas ou premiadas noutros concursos
4. Os pratos deberán presentarse en prato ou bandexa aptos para o efecto e nas condicións hixiénicas apropiadas.
5. Cada prato irá acompañado dos datos da persoa que o presenta (nome, apelidos e teléfono), o nome do prato e a receita completa (ingredientes, modo de preparación, presentación, etc.) e a categoría na que participa (salgado ou doce), dentro dun sobre en branco e pechado. Asinarase a cesión da receita a favor do Concello da Moeche. A organización poderá reproducir as receitas que considere conveniente en libros ou calquera outra publicación, en soporte papel, electrónico, audiovisual ou calquera outro.
6. A persoa que presenta o prato indicará no momento de entregalo en que categoría participa. A cada prato adjudicáraselle un número no mesmo momento da súa recollida, o mesmo que levará o sobre que o acompañe e que se lle dará á persoa que o presenta. O sobre pegarase no fondo do recipiente presentado.
7. Os pratos presentaranse rematados **o día 15 de marzo antes das 12.00 horas**, na nave do Mercado, no recinto feiral de San Ramón.
8. O xurado valorará de 0 a 5 os seguintes aspectos de cada receita presentada a concurso: · Presentación · Sabor · Orixinalidade · Relevancia do queixo no conxunto do prato
9. A receita salgada que obteña a maior puntuación dentro do seu apartado será proclamada "Mellor receita salgada con queixo 2020"

**Concello de Moeche**

Rúa da Feira, 32, MOECHE. 15563 (A Coruña). Tfno. 981404006. Fax: 981404200



10. A receita doce que obteña a maior puntuación dentro do seu apartado será proclamada "Mellor receita doce con queixo 2020"

11. As receitas segundas clasificadas de cada categoría serán proclamadas "Finalista mellor receita con queixo 2020"

12. Premios:

1º premio de cada categoría: paquete oferta turística e irmandiña

2º premio de cada categoría: lote de produtos da feira e diploma

13. O xurado estará composto por tres persoas. A identidade do xurado comunicaráse ós participantes o día 15/03/2020 no momento da entrega dos pratos. O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios. A decisión do xurado é inapelable.

14. O incumprimento de calquera punto das bases supón a exclusión do concurso. O feito de participar no concurso supón a aceptación destas bases.

15. Para participar, pode chamar ao teléfono do Concello de Moeche, 981 404 006 de 8.30 a 14.30 h. de luns a venres. Tamén pode facelo a través de correo electrónico [correo@moeche.gal](mailto:correo@moeche.gal) indicando no asunto concurso receitas de cociña feira do queixo.

Moeche, febreiro de 2020

**Colaboran nos premios: Lácteos Moeche, Queixos Brigantia, Queixos Sanjurjo, Lácteos O Casal, Panadería Santa Cruz, Panadería Miguel, Bar O Mercado e Casa do Mel**

ORGANIZA:



Moeche, ( na data da sinatura dixital)  
A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras

